

O Pleno da Mancomunidade en sesión levada a cabo o día 14 de xullo de 2014 acordou aprobar inicialmente o regulamento de funcionamento do servizo mancomunado de lacería e refuxio de Mougá.

Así mesmo sométese o dito regulamento, de conformidade co artigo 49 da LBRL, a información pública polo prazo de 30 días aos efectos de que os interesados acheguen reclamacións e suxerencias.

O período de información pública comezará a contar desde o día seguinte á publicación efectuada, a cuxo efecto o texto estará dispoñible no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ferrol ([www.ferrol.es](http://www.ferrol.es)), así como na web da Mancomunidade ([www.comarcaferrolterra.es](http://www.comarcaferrolterra.es)).

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 16 de outubro de 2014

O Presidente


Asdo.: José Manuel Rey Varela





**MANCOMUNIDADE**  
Concellos da Comarca  
de Ferrol

**REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO  
MANCOMUNADO DE LACERÍA E REFUXIO DE  
MOUGÁ**



<i>REVISIÓN</i>	<i>DATA</i>	<i>MODIFICACIÓNS</i>

**REFUXIO DE  
ANIMAIS**  
centro de recollida de animais



**INDICE:**

1.OBXECTO.....	3
2.ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	3
3.REFERENCIAS.....	4
4.INSTALACIÓNS.....	5
5.MEDIOS.....	5
6.PROGRAMA DE HIXIENE E PROFILAXE.....	7
7.PROGRAMA DE MANEXO DE ANIMAIS.....	13
8.RECOLLIDA DE ANIMAIS.....	17
9.ACTUACIONS COMPLEMENTARIAS.....	22
10.TAXAS PÚBLICAS .....	24

## 1. OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente regulamento, a ordenación do funcionamento do servizo de lacería establecido pola Mancomunidad de Concellos da comarca de Ferrol para a recollida de animais vagabundos e abandonados así como o funcionamento e mantemento do Centro de Recollida de animais domésticos abandonados de Ferrol (Refuxio de Mougá).

## 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este servizo será prestado a todos aqueles concellos integrantes da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol: *Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugar dos, Narón, Neda e Valdoviño*.

Este regulamento será de aplicación ó Centro de Recollida de animais domésticos abandonados de Ferrol, inscrito como Centro de Recollida de Animais abandonados no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia, segundo se establece no Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade e no Decreto 111/2010, de 24 de xuño, así coma sobre os xestores do mesmo.

A especie obxecto dos servizos prestados polo Centro de Recollida de animais domésticos abandonados de Ferrol, comprenderá todas as especies animais consideradas como domésticas, entre elas as diferentes razas das seguintes subespecies: subespecie *Canis lupus familiaris* ou can doméstico e da subespecie *Felis silvestris catus* ou gato doméstico; e os cabalos mostrencos subespecie *Equus ferus caballus* ou cabalo doméstico.

O Refuxio de Mougá está habilitado e autorizado igualmente para o mantemento de exemplares da subespecie *Ovis aries*, ovella doméstica e subespecie *Capra aegagrus hircu*, ou cabra doméstica, que aínda non sendo obxecto do servizo, teñan que ser retirados para garantir a seguridade pública.

### 3. REFERENCIAS

Será de aplicación a normativa estatal e autonómica relacionada, así coma as súas modificacións ou revisións. Igualmente serán aplicables as definicións establecidas polas mesmas:

- *Lei 1/1993 do 13 de abril de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (publicada o 22/04/1993).*
- *Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro (DOG nº 107, 5/6/1998).*
- *Decreto 111/2010, de 24 de xuño, polo que se modifican diversos Decretos en materia de agricultura, formación agraria e conservación da natureza, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior, (DOG 130, de 9 de xullo 2010, con corrección de erros en DOG 147, de 3 de agosto)*
- *Lei 50/1999 do 23 de decembro, sobre o Réxime Xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos. (BOE nº 307, de 24 de decembro de 1999).*
- *Real Decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos (BOE nº 74, do 27-3-2002)*
- *Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos. (DOG nº 63, do 2 de abril de 2002).*
- *Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación sanitaria dos animais equinos de Galicia (DOGA nº 129, do 06 de xullo).*

No ámbito municipal, serán de aplicación as correspondentes ordenanzas municipais, aprobadas polo órgano de goberno.

A Mancomunidad de Concellos da comarca de Ferrol e a empresa xestora designarán un técnico, para cada unha das mesmas, que representará a figura de INTERLOCUTOR nas comunicacións e/ou indicacións realizadas entre ambas entidades.

## **4. INSTALACIÓNS**

As instalacións sitúanse no lugar de Mougá, parroquia de Esmelle do Concello de Ferrol. A distribución de estancias e os seus usos son as seguintes:

### **4.1. Zona de estancia Permanente**

Esta zona está disposta para a acollida de animais das diferentes especies recollidos despois da súa estancia na zona de corentena.

Á súa vez, a zona de estancia permanente está subdividida en varias dependencias, segundo especies, tamaños, sexos, idades e estatus sanitario sendo estas individuais ou de grupo, en función das características tanto das especies aloxadas como das características de cada individuo.

Están deseñadas de xeito que hai un contacto visual permanente que favoreza a socialización entre individuos e destes co ser humano.

### **4.2. Zona de corentena.**

Son uns cubículos individuais, habilitados para manter os animais que non presentan patoloxías ou lesións de tipo traumático das diferentes especies que chegan ao centro durante polo menos 48 horas tras a súa desparasitación tanto interna como externa.

### **4.3. Zona de Lazareto.**

Nesta zona e onde todos aqueles animais das diferentes especies que teñen algunha patoloxía ou lesión traumática coñecida, permanecen ata a súa curación ou recuperación que permita pasar ao animal a zona de estancia permanente. Neste lugar extrémase as medidas hixiénicas tanto do persoal como das instalacións.

## **5. MEDIOS**

### **5.1. Auga**

O subministro de auga realizase por medio dun pozo de barrena. A ausencia de bacterias coliformes e outros patóxenos na auga será confirmada semestralmente pola empresa xestora do centro.

Cada corredor principal conta con billa e cada cubículo con bebedoiro automático. Estes bebedoiros abastécense á súa vez dun depósito intermedio, dotado dun sistema de cloración de auga.

### **5.2. Sistemas de eliminación de estercos, xurros e augas residuais.**

O centro de recollida conta cun sistema de desaugue de escorrenta por canais continuos que discorren por cada fila de cubículos, confluíndo estes en varios grupos de arquetas. Dende estas os xurros e augas residuais condúcense ata unha fosa séptica, situada na propia finca.

### **5.3. Medios de limpeza e desinfección de locais**

O centro dispón do seguinte material e equipamento:

- Maquinaria auxiliar necesaria para a limpeza das instalacións .
- Útiles de limpeza mecánica de instalacións.
- Contedores para segregación de residuos.

Para a limpeza e desinfección dos utensilios o centro conta cunha instalación habilitada para tal fin.

A empresa xestora encargárase da adquisición e reposición dos consumibles relacionados coa limpeza das instalacións:

- Desinfectante de amplo espectro.
- Produto de limpeza deterxente axeitada ás instalacións e continente.
- Bolsas de contención de residuos e recolletores.

### **5.4. Tratamento de residuos**

A empresa xestora comprometerase á correcta segregación e almacenamento de residuos xerados. Será a responsable da correcta xestión dos residuos sanitarios, punzantes e cortantes así como do almacenamento e xestión de cadáveres, mentres que o Concello de Ferrol serao dos restantes residuos, incluídos os sólidos urbanos.

#### **5.5. Medios para a eliminación de cadáveres**

Será competencia da empresa a xestión dos residuos de cadáveres de animais de compañía ou animais domésticos (RCAD), recollidos, mortos ou sacrificados no centro de recollida, considerados segundo o artigo 4 do Regulamento (CE) N° 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro, como subproduto de material de categoría 1. Estes residuos deberán ser transportados a unha planta autorizada de acordo a tal regulamento comunitario ou destinados a un uso autorizado polo mesmo. O transporte deberá realizarse nun vehículo autorizado pola Consellería competente na materia.

Todos os cadáveres serán identificados individualmente, de xeito que se poida establecer unha correcta trazabilidade dos mesmos ata o seu transporte e destrución.

#### **5.6. Medios para a prestación do servizo de lacería**

O servizo de lacería deberá contar coa dotación mínima dun vehículo, autorizado para o transporte de animais domésticos, así coma dos seus correspondentes condutores.

O vehículo deberá pasar todas as revisións técnicas necesarias e contar co seguro mínimo obrigatorio.

Os condutores deberán contar cos permisos e formación estimada para cada un dos casos e desprazamentos.

A empresa xestora do servizo deberá contar co equipamento e material necesario para a recollida dos cans na vía pública, así coma da colaboración dun veterinario, no caso de que fora precisa a tranquilización anestésica.

Os cans deberán ser transportados segundo as condicións establecidas na normativa vixente, respectando os prazos de desprazamento e de avituallamento dos mesmos.



## **6. PROGRAMA DE HIXIENE E PROFILAXE**

### **6.1. Prácticas de hixiene desenvolvidas**

#### *6.1.1. Obrigas dos traballadores:*

- Utilizar roupa limpa todos os días ó chegar ó traballo, cambiala cando sexa necesario para manter unhas axeitadas condicións hixiénicas e utilízala unicamente durante o desenvolvemento do traballo.
- Utilizar calzado exclusivo para o desenvolvemento do seu traballo, con características que faciliten a súa limpeza e desinfección, que deberá ser cando menos diaria, ao rematar a xornada, así como antes de entrar e ao saír da zona de Lazareto, e ao pasar do aloxamento dunha especie ao de outra.
- Realizar a súa rutina de traballo diaria de supervisión, limpeza e alimentación dos animais ordenadamente e por especie, comezando pola zona de estancia permanente, pasando de xeito progresivo dos animais mais xoves a aqueles que teñen as pautas profilácticas completas e a continuación o resto, rematando por corentena e lazareto, sempre seguindo a orde entre especies: felinos, equinos, caninos e outras.
- No caso do lazareto no que a aplicación de tratamentos limite este procedemento de traballo o operario deberá utilizar luvas, que se desbotarán ao saír do lazareto.
- Do mesmo xeito os útiles de limpeza (escobóns, recolletores, cepillos..) estarán en cantidade suficiente e reunirán as características axeitadas, de xeito que serán utilizados unicamente, tanto na zona correspondente en función da especie para que se empregue, como na zona na que se limpe con el segundo o seu estatus hixiosanitario . Será obrigada a súa identificación visual para poder diferenciarlos inequivocamente e para empregalos en cadansúa zona.
- Utilizar os equipos e prendas de protección persoal entregadas pola empresa xestora para a realización de cada tarefa. En concreto será obrigado o uso de máscara durante a limpeza mecánica de instalacións e na súa desinfección e seguindo, en todo caso, as indicacións descritas polo fabricante.
- Manter en xeral unha correcta conduta hixiénica, lavando as mans tantas veces sexa necesario e evitando en todo o momento o contacto directo dos fluídos corporais ou feces coas prendas persoais (non de traballo). Non está permitido



comer nin beber fora do lugar habilitado no edificio de persoal e mantemento. Do mesmo xeito está prohibido fumar en todo o recinto.

#### *6.1.2. Limpeza de instalacións permanentes de cánidos*

Todos os días se realizará unha limpeza a fondo coa eliminación mecánica de feces. Utilizarase deterxente e auga a alta presión na medida que sexa necesaria, evitando mollar aos animais e o encharcado das instalacións.

Os bebedeiros e comedeiros limpanse a diario coa axuda de auga e medios mecánicos, unha vez rematada a limpeza da instalación na que se atopan.

Establecerase unha pauta semanal de limpeza máis profunda, utilizando desinfectantes de amplo espectro para unha maior eficacia do tratamento.

Realizarase unha desinsectación e desratización completa das instalacións sempre que as condicións o requiran e como mínimo cada seis meses.

Os tratamentos de desinfección, desinsectación e desratización deberán ser realizados por unha empresa autorizada para tal efecto ou ben, por persoal coa formación básica para a aplicación de praguicidas, e en todo caso baixo o control dun técnico especialista na aplicación e manipulación de praguicidas. Os produtos utilizados non poderán causar dano aos cans aloxados na instalación.

Todos os produtos utilizados, tanto deterxentes, desinfectantes, desinsectantes e raticidas empregaranse segundo as dilucións e recomendacións establecidas polos fabricantes. Estes produtos serán inocuos para os animais ou ben serán empregados de xeito que o resulten. Non se verterán produtos perigosos para o medio ambiente.

#### *6.1.3. Limpeza de instalacións de corentena e lazareto.*

Respectarase as indicacións seguidas anteriormente, extremando as medidas de limpeza, recorrendo nestes casos ao uso de desinfectantes de xeito diario.

No caso de coñecer ou sospeitar de patoloxías infecciosas ou parasitarias será utilizado un produto desinfectante descrito para a eliminación do axente.

Cando no proceso patolóxico interveñan vectores, estes serán obxecto tamén das prácticas de hixiene diarias, evitando o acceso dos mesmos aos portadores.



Cada vez que un animal abandone estas instalacións procederase á súa limpeza e desinfección cos produtos axeitados co fin de evitar o contaxio de patoloxías aos novos inquilinos.

#### 6.1.4. *Aseo de animais.*

Os cans lavaranse por norma xeral na bañeira do edificio de aseo de pequenos animais. Para a súa limpeza utilizarase auga morna e un xel específico para a especie. Agás no verán será obrigado secarlle o pelo mediante secador de aire a temperatura moderada. A frecuencia entre lavados nunca será (salvo prescrición veterinaria) inferior aos 15 días. No caso de animais especialmente agresivos, o lavado poderase realizar no mesmo recinto no que se aloxa, aínda que utilizando auga morna.

O cepillado dos animais realizarase, cando menos, coa mesma frecuencia que os lavados, agás na época de cambio de pelaxe, na que se intensificará a súa práctica a un cepillado semanal como mínimo.

O corte de pelo practicarase unicamente en especies de pelo longo, no caso de que existan nós ou na procura dunha maior hixiene.

Aproveitando cada lavado, realizarase unha revisión do correcto desgaste de unllas, cortando as mesmas se fora necesario.

Neste apartado no se inclúen os lavados terapéuticos prescritos por un técnico veterinario, que se realizarán coa frecuencia e baixo as indicacións do facultativo.

## **6.2. Programa de profilaxe**

### 6.2.1. *Obrigas dos traballadores:*

- Dúas veces ao día (mañá e tarde) os coidadores dos animais deberán facer unha rolda completa de recoñecemento dos animais, constatando os seguintes aspectos:
  - Presenza de todos os animais
  - Estado anímico dos mesmos (érguense, achéganse, escapan, ladran, xogan..)
  - Estado xeral do animal (pelaxe, coloración ollos, mucosas, ouriños...)
  - Indicios de loita ou pelexas
  - Presenza de lesións

- Coloración e consistencia de feces en gaiolas
- Funcionamento correcto de bebedoiros
- Consumo de comida
- Escorrenta correcta de augas residuais
- Calquera incidencia detectada na supervisión diaria deberá ser notificada ao veterinario responsable do centro, atendendo ás indicacións que o facultativo determine

#### 6.2.2. *Servizo de atención veterinaria*

O servizo de atención veterinaria basearase fundamentalmente nas seguintes actuacións:

##### **6.2.2.1.** *Revisión periódica dos animais presentes no centro de recollida.*

Todos os animais acollidos no centro de recollida serán revisados por un técnico veterinario nas primeiras 48 horas dende a súa, cumprimentando unha ficha clínica para cada un deles. O facultativo veterinario comprobará, do mesmo xeito, que as seguintes labores son desenvolvidas de xeito satisfactorio polo persoal correspondente:

- Revisión diaria de incidencias e estado dos animais.
- Limpeza diaria das instalacións.
- Limpeza e desinfeccións periódicas
- Manexo de animais
- Alimentación

6.2.2.2. *Programa sanitario e profiláctico.* O veterinario actuante será o responsable da correcta realización do programa sanitario e de profilaxe, descrito para cada especie, propoñendo as melloras ou adaptacións precisas en cada momento ou individuo.

6.2.2.3. *Servizo veterinario de atención a animais enfermos e feridos.* Un técnico veterinario visitará as instalacións do centro de recollida cando se precise o tratamento dalgún animal, tanto para o tratamento de feridas como de patoloxías adquiridas, realizando a supervisión posterior do caso e da aplicación do tratamento prescrito.

6.2.2.4. *Control de poboación.* O veterinario responsable tomará as medidas necesarias para evitar a reprodución dos animais presentes no centro de recollida, actuando sempre con medidas contraceptivas permanentes ou temporais, segundo criterio facultativo. Nunca se actuará sobre animais con xestación coñecida.

6.2.2.5. *Eutanasia de animais.* Serán motivo de eutanasia: o sufrimento inevitable dun animal e a inviabilidade da súa curación (carecendo de dono ou propietario). Esta sempre será avalada por un informe veterinario achegado á ficha clínica do animal sacrificado. Noutro caso, unicamente será autorizado o sacrificio de animais, unha vez transcorrido o prazo administrativo indicado para cada caso no Decreto 153/1998, do 2 de abril de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro da Comunidade Autónoma de Galicia, cando non sexa posible o mantemento das condicións de benestar ou hixiénicas dos mesmos.

En todo caso unicamente poderán ser utilizados os métodos de sacrificio autorizados no Artigo 59 do mesmo Decreto.

6.2.2.6. *Realización de partes, notificacións e informes requiridos* ou solicitados pola dirección facultativa, polas autoridades sanitarias ou pola consellería que ostente as competencias nesta materia, incluídos os mencionados no Decreto 153/1998, do 2 de abril. Do meso xeito, requiriríase a presenza do facultativo responsable en calquera das visitas realizadas con carácter inspector ou supervisor do centro ou das actuacións desenvolvidas nel. Neste senso, a Mancomunidade de Concellos de Ferrol reservase o dereito a facer as inspeccións ou revisións que considere precisas, tanto por persoal técnico da propia Mancomunidade como por persoal designado pola mesma. Igualmente, o veterinario deberá comunicar á autoridade competente todas aquelas situacións descritas na normativa como falta ou delito.

6.2.2.7. *Organización e dirección de visitas.* O veterinario facultativo responsable do centro organizará visitas ao centro, con aprobación da Mancomunidade de concellos de Ferrol, tanto encamiñadas á adopción de animais coma a educación ambiental e concienciación cidadá. A atención ao público para

reclamacións, trámites de adopción e outros, será realizado pola xestora do centro de luns a venres de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 e os sábados de 10:00 a 14:00.

### 6.2.3. *Tratamentos profilácticos*

#### 6.2.3.1. *Desparasitacións periódicas preventivas externas*

Serán desparasitados todos os animais á súa entrada, e así como tantas veces como necesiten os animais das diferentes especies para manterse nunha carga parasitaria axeitada e compatible co benestar animal.

#### 6.2.3.2. *Desparasitacións periódicas preventivas internas*

Efectuaranse todas aquelas desparasitacións internas que sexan obrigatorias, así como as que necesiten os animais das diferentes especies para manterse nunha carga parasitaria axeitada e compatible co benestar animal.

#### 6.2.3.3. Plan vacinal preventivo.

Realizarase a vacinación de todos os animais do centro seguindo todas as pautas que sexan obrigatorias, así como aquelas que permitan aos animais prever certas enfermidades que poderían por en risco a súa vida ou a dos seu conxéneres, así como para evitar contaxios dos animais do centro.

## **7. PROGRAMA DE MANEXO DE ANIMAIS**

### **7.1. Protocolo de entrada e movemento de animais no centro de recollida**

#### 7.1.1. *Entrada de animais*

No momento da entrada de calquera animal no centro de recollida realizarase unha revisión completa do mesmo, tomando os datos necesarios para a cumprimentación dunha ficha (en formato papel ou dixital) onde figuren, como mínimo, os seguintes datos:

- Especie
- Raza
- Sexo
- Identificación, ou no seu defecto reseña e descrición (capa , tamaño, ...)



- Lugar e hora de recollida
- Fonte do aviso
- Estado do animal

Dende ese momento a ficha de cada animal terá aplicación clínica, deixando reflectidas todas as revisións veterinarias, tratamentos realizados (tanto profilácticos coma terapéuticos) e os relativos ó seu destino, ben sexa recollida polo propietario, adopción, eutanasia ou morte.

Unha vez no centro de recollida, o animal manterase na zona de corentena, illado do resto de animais e en observación da súa evolución de saúde e de adaptación.

Cada animal será individualmente identificado á súa entrada, cunha marca que permita manter a trazabilidade durante a súa estancia no centro.

#### 7.1.2. *Movemento de animais.*

Rematada a pauta de desparasitación o animal poderá ser trasladado á zona de estancia permanente.

No movemento de animais teranse en conta os seguintes aspectos:

- Os animais non serán atados máis que no momento de movelos ou manipalos con algún fin específico, permanecendo en liberdade no seu cubículo.
- Cando un cubículo quede libre, debido ó movemento definitivo ou marcha dalgún animal, realizarase unha limpeza e desinfección completa do mesmo, antes da introdución dun novo individuo.
- Sempre permanecerá pechado o acceso ó centro de recollida cando se realicen movementos entre cubículos ou se manipulen animais fóra dos seus recintos (lavado, exame veterinario, etc..)

#### 7.1.3. *Saída de animais*

Todos os animais recollidos polo seu propietario ou adoptados no centro, deberán ser identificados individualmente e inscritos no correspondente rexistro, segundo a norma reguladora para cada especie, polo veterinario do refuxio, repercutíndose sobre o

propietario ou adoptante os custes derivados da prestación do servizo. No caso dos cans a identificación será extensible a todas as idades sen excepcións.

Únicamente se autorizará a saída dun can sen identificación oficial cando un veterinario actuante (colaborador da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) certifique que dito animal foi identificado previamente, aínda que nese momento o seu transpondedor electrónico se atope inactivo, e baixo responsabilidade do mesmo.

Os propietarios dos cans potencialmente perigosos maiores de tres meses deberán contar con licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, para proceder á retirada do animal. En caso contrario os cans permanecerán no centro de recollida ata a expedición da citada licenza, estando o propietario do animal obrigado a pagar os custes derivados da estancia e manutención do mesmo no centro de recollida.

## **7.2. Alimentación**

Os adultos serán alimentados, de xeito habitual, unha vez ao día, preferentemente de mañá, unicamente co alimento mais axeitado para a especie de destino, e no caso de dar pensos serán os indicados para a especie respectando a ración recomendada na etiquetaxe polo propio fabricante.

Os cachorros e demais crías lactantes estarán coa súa nai. No caso de complicacións na lactación ou morte da nai serán criados a biberón con leite maternizada específica da especie da que se trate, seguindo as frecuencias e doses recomendadas polo fabricante da mesma.

Os cachorros e crías non lactantes alimentaranse con penso específico para a súa especie e idade e na frecuencia estipulada polo fabricante.

Teranse en conta as seguintes puntualizacións:

- Nunca se destinarán restos de alimentación humana nin restos de cadáveres para a alimentación animal no centro de recollida.
- Non se permitirá ó persoal visitante alimentar ós animais.
- Será subministrada auga sen limitación a todos os animais presentes no centro, agás prescrición veterinaria específica.



### **7.3. Animais potencialmente perigosos**

Os animais potencialmente perigosos deberán estar sempre identificados, tanto por un colar de diferente cor (coñecemento de operarios) como pola sinalización do cubículo onde están albergados con cartel plastificado claramente lexible coa seguinte lenda “PERIGO. ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSO”. Estes recintos terán que permanecer pechados con cadeado ou sistema de similares características, que impida a apertura accidental ou intencionada do cubículo. Os animais clasificados dentro deste apartado permanecerán en gaiolas de xeito individual. Cando se alimenten, manipulen, limpen ou en definitiva se abra un recinto onde se alberga un animal agresivo e os potencialmente perigosos será obrigado manter as instalacións pechadas, non podendo existir no recinto visitantes ou persoal externo á instalación.

### **7.4. Adopción de animais**

De acordo coa política de fomento das adopcións que pretende levar a cabo a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, a adopción de animais acollidos no Centro de Recollida de animais domésticos abandonados de Ferrol só levará aparellado o custo económico da taxa correspondente coa identificación oficial obrigatoria dun animal adoptado:

- Promoverase a adopción de animais sen propietario, unha vez transcorridos os prazos previstos no artigo 53 do Decreto 153/1998, do 2 de abril de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non se entregarán en adopción animais a menores de 16 anos ou discapacitados, sen a correspondente autorización dos que posúan a súa potestade paterna ou custodia.
- A adopción de animais será supervisada e xestionada polo veterinario actuante no centro de recollida.
- Realizarase un informe anual do nivel de adopción e das características de cada unha delas, facilitando así a orientación de posibles campañas de adopción.

- Colaborarase coas Sociedades Protectoras de Animais inscritas no *Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia* segundo o establecido no Capítulo III do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

## **8. RECOLLIDA DE ANIMAIS**

### **8.1. Servizo de lacería**

O servizo de lacería establecido no marco do seguinte regulamento será prestado as 24 horas do día, todos os días do ano, nas seguintes condicións:

- O servizo será prestado, na maior brevidade posible, baixo solicitude da Mancomunidad de concellos da Comarca de Ferrol, Policía Local dos Concellos adheridos, Protección Civil ou outra entidade municipal autorizada polos mesmos.
- A empresa xestora deberá dispor dun teléfono de atención continuada, onde recibirá as solicitudes urxentes. Igualmente porá a disposición dos solicitantes un enderezo electrónico onde poder dirixirse para a comunicación de solicitudes non urxentes.
- As solicitudes de recollida de animais deberán conter como mínimo a seguinte información: *Número de individuos / Datos da localización / fonte do aviso / tamaño aproximado / estado do animal (ferido/aparentemente san) / molestias ou alteracións que cause / teléfono de contacto do denunciante.*
- Un empregado municipal será nomeado polo alcalde de cada Concello como interlocutor coa empresa xestora, tanto para a comunicación de incidencias coma para a resolución das mesmas.
- Durante o horario nocturno, días non laborables e festivos, deberán confirmarse, pola Policía Local ou outros organismos oficiais, as demandas do servizo realizadas, dando prioridade a aquelas que poidan provocar danos, accidentes ou molestias aos cidadáns.
- O resultado de cada unha das actuacións ou denuncias atendidas deberá ser comunicado pola empresa xestora á Mancomunidad de concellos de Ferrol ou organismo que esta designe, tanto si se realiza recollida dalgún animal ou non.
- A/O propietaria/o do animal recollido e correctamente identificado deberá aboar as taxas públicas correspondentes, unha vez que o animal é recollido pola empresa xestora do



servizo de lacería, aínda que esta/e se presentara ou puxera en contacto coa empresa ou autoridade competente antes da entrada do mesmo no Refuxio.

- A/O propietaria/o do animal recollido, sen identificación oficial, deberá aboar as taxas públicas correspondentes, unha vez que o animal é recollido pola empresa xestora do servizo de lacería, aínda que esta/e se presentara ou puxera en contacto coa empresa ou autoridade competente antes ou despois da entrada do mesmo no Refuxio, sendo responsabilidade do propietario/titular o recoñecemento do animal no propio centro de recollida.
- A comunicación ou denuncia da perda ou subtracción por parte da/o propietaria/o dun animal ás Autoridades competentes ou ao centro de recollida non exime do cumprimento do regulamento do centro en canto á obriga da recollida por parte da/o propietaria/o e do aboamento das taxas públicas.

#### *8.1.1. Recollida de animais na vía pública*

As autoridades locais deberán colaborar, na medida do posible, na recollida de animais abandonados na vía pública, e sempre que sexa necesaria a regulación do tráfico rodado ou protección dos viandantes.

As actuacións relativas a cans e gatos vagabundos de difícil captura poderán ser organizadas sen necesidade de realizadas de xeito urxente, para a utilización de dardos anestésicos, colocación de gaiolas trampas ou utilización de calquera outro procedemento autorizado, sempre e cando non causen danos reais ou potenciais ás persoas.

Os motivos polos que o animal se encontre na vía pública non eximen do cumprimento deste regulamento e da [Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control e animais domésticos](#).

#### *8.1.2. Recollida de animais en propiedade privada*

Para a recollida de animais vagabundos ou abandonados en propiedade privada, será necesaria a autorización expresa e por escrito do titular ou responsable da propiedade

As vías de alta capacidade e autopistas terán a consideración de propiedade privada, podendo recoller os cans que se atopen libres ou vagabundos, unha vez que sexan capturados e trasladado ao exterior da mesma.

### *8.1.3. Outras actuacións de emerxencia*

Nas situacións de emerxencia, nas que un ou varios cans precisen de asistencia sanitaria, deberán seguirse as indicacións dun veterinario colexiado, así como aplicar os tratamentos necesarios para evitar o sufrimento innecesario do animal. A empresa xestora deberá prestar a atención veterinaria necesaria para a cobertura destas situacións.

Cando se recolla un animal gravemente ferido, do que non é posible a curación e sexa inevitable o sufrimento do animal, procederase do seguinte xeito:

- No caso de que o animal posúa identificación oficial e sexa posible a localización do propietario, informarase ao mesmo do estado e da gravidade do animal, podendo este autorizar a eutanasia do mesmo polo servizo veterinario de garda do Refuxio de Mougá, evitando o desprazamento do mesmo, ou ben ordenar o seu traslado a un centro para o seu tratamento, baixo recoñecemento da débeda xerada na prestación do servizo.
- No caso de que o animal non posúa identificación oficial ou non sexa posible localizar ao seu propietario, será servizo veterinario de garda do Refuxio de Mougá quen decidirá a procedencia do sacrificio humanitario do mesmo, prevalecendo sobre a decisión o benestar animal. O cadáver será depositado no Refuxio de Mougá ata que a xestión do mesmo sexa autorizada polo seu titular e en todo caso ata cumprirse 10 días dende a notificación fidedigna da súa recollida.

## **8.2. Recollida de animais con propietario**

O Centro de recollida de animais domésticos abandonados poderá recoller, cans e gatos con propietario, sempre e cando exista un motivo xustifico para a súa entrega que non supoña o abandono indiscriminado ou un desleixo de obrigas por parte do seu propietario.

En calquera caso a entrega do animal levará aparellada a cesión da titularidade e dereitos sobre o animal obxecto da solicitante da recollida en favor da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol.

A tramitación deste tipo de solicitudes pode ser seguir diferentes vías, segundo se trate de:

1. Situación de risco de exclusión social

A/O interesada/o deberá solicitar a actuación ante os servizos municipais de asistencia social. Para a tramitación da solicitude, as/os técnicos do servizo municipal deberán remitir á empresa xestora do Refuxio de Mougá:

- A solicitude da/o interesada/o
- Informe favorable onde se certifique que a/o solicitante reúne os requisitos establecidos para a inclusión na situación de risco ou exclusión social
- Declaración da titularidade dos animais obxecto de recollida, no caso de que estes non presente identificación oficial.

Neste caso as solicitudes serán tramitadas favorablemente tendo en conta unicamente a capacidade do centro, manténdose o orde de preferencia respecto da data de solicitude realizada, e a normativa de protección e benestar animal vixente.

2. Outras situacións

A/O interesada/o deberá solicitar a actuación no propio refuxio de animais ou por medio do enderezo electrónico que a empresa xestora dispoña para a atención ao público. Para a tramitación da solicitude o interesado deberá aportar:

- A solicitude da/o interesada/o
- Documentación que xustifique a imposibilidade de prestar atención ao/s animal/ais obxecto de recollida

As solicitudes deberán ser informadas pola empresa xestora do refuxio de Mougá á Mancomunidad de Concellos de Ferrol nun prazo máximo de 10 días dende a súa recepción, podendo esta solicitar emendas ou información anexa á/o solicitante, no caso de que non se considere que a mesma este correctamente cumprimentada ou

xustificada. A Mancomunidad de Concellos de Ferrol reservarase a resolución final, tendo en conta para elo os informes remitidos pola empresa xestora e a capacidade do centro.

A/O interesada/o deberá aboar previamente á recollida o importe correspondente á aplicación das taxas públicas aprobadas para a prestación do servizo.

A empresa xestora deberá informar respecto da solicitude realizada tendo en conta a normativa de protección e benestar animal vixente e os motivos alegados pola/o interesada/o. Serán considerados motivos de forza maior:

- A morte, ingreso hospitalario ou enfermidade grave do titular
- A dependencia, incapacidade parcial ou total e minusvalías do titular ou familiar directo con custodia do titular, recoñecida polo organismo oficial correspondente.
- A inhabilitación para a tenza de animais domésticos ditaminada por sentenza xudicial ou resolución de procedemento administrativo.
- Calquera outro motivo de inhabilitación para a tenza de cans e gatos recoñecida pola normativa vixente.

### **8.3. Recollida de animais por solicitude da administración pública**

A empresa xestora colaborará na recollida, incautación e/ou acollida dos animais retirados polas administracións públicas, sempre que a Mancomunidad de concellos de Ferrol ou calquera dos Concellos adheridos o autorice e/ou o solicite. A responsabilidade derivada da incautación ou retirada de animais aos seus propietarios será da autoridade que a ditamine e/ou a comunique.

Ditas actuacións deberán ser programadas para o seu correcto desenvolvemento e deben seguir todos os procedementos administrativos marcados nas normativas vixentes.

Os custos derivados da recollida, estancia e actuacións realizadas sobre animais obxecto de incautacións resultantes de sancións administrativas ou sentenza xudicial poderán ser repercutidos ao infractor.

## **9. ACTUACIONES COMPLEMENTARIAS**

### **9.1. Tramitación de notificacións**

Procederáse á notificación dos animais recollidos segundo:

9.1.1. Animais correctamente identificados e inscritos no correspondente rexistro oficial como é o caso do Rexistro de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia e de Animais Potencialmente Perigosos de Galicia (REGIAC).

- Notificarase ao propietario a presenza deste animal no Refuxio de Mougá, vía telefónica, no mesmo día da súa recollida ou ao día seguinte (en caso de ser recollido despois das 20:30 horas).
- Pasados dous días, en caso de que o propietario non recollera o animal, iniciarase o procedemento de notificación fidedigna da súa estancia no Refuxio de Mougá.
- Pasados 10 días, dende a notificación anterior, practicarase denuncia escrita na autoridade competente na materia.

9.1.2. Animais correctamente identificados e non inscritos no Rexistro Oficial correspondente.

- Notificarase ao organismo responsable do Rexistro Oficial a presenza destes animais no Refuxio de Mougá, solicitando a localización do propietario (outros rexistros autonómicos) ou do veterinario actuante que procedeu á súa identificación.
- Solicitarase información periódica ao Rexistro Oficial correspondente do estado de tramitación da solicitude.
- Realizarase notificación fidedigna mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia.
- Practicarase denuncia escrita na consellería competente na materia, cando proceda.

9.1.3. Animais non identificados, suxeitos a identificación oficial obrigatoria.

- Será obrigada a denuncia da tenza ou posesión probada, destes animais sen identificar conforme a normativa.

- Os animais non identificados, que non sexan reclamados por ningún propietario, serán declarados abandonados transcorridos 20 días dende a súa recollida.
- O demandante da propiedade dun animal suxeito a identificación oficial obrigatoria, non identificado oficialmente, deberá declarar por escrito a súa propiedade, así como aboar os custos derivados da súa recollida, da súa identificación oficial e das demais actuacións realizadas en relación ao mesmo a fin de regularizar a situación do animal.

## **9.2. Tramitación doutras denuncias**

O veterinario responsable do centro e da atención realizada a cada un dos animais deberá denunciar e/ou notificar, segundo corresponda, todas as incidencias que considere que poidan supor unha falta á *Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade*, así coma aquelas que lle corresponden en base ao establecido no *Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos*.

## **9.3. Outras actuacións**

Ademais da recollida, transporte, aloxamento e manutención dos animais, o servizo comprende outra serie de accións orientadas a fomentar a tenencia responsable destes animais. Por iso, o xestor do servizo, baixo a supervisión dos servizos técnicos da Mancomunidade, colaborará ou realizará accións conducentes á diminución de cans abandonados e ao fomento das adopcións. Entre aquelas podemos mencionar:

- Realización de visitas guiadas ao centro de acollida de grupos organizados pola Mancomunidade.
- Repartición de material propio de programas educativos ou de concienciación.
- Transmisión, a través de Internet ou outros medios, dos datos que lle sexan solicitados ou facilitados, para o mantemento, en caso necesario, dunha web de adopcións.
- Atención esmerada a visitantes que desexen adoptar un animal, axudándolles na súa elección.



- Colaboración coa Mancomunidade ou cos concellos adheridos en cantas outras actuacións que lle sexan demandadas neste ámbito, en especial nas actividades de concienciación cidadá.

## **10. TAXAS PÚBLICAS**

A empresa xestora será a encargada do cobro e depósito das taxas públicas establecidas polos servizos, sendo a Mancomunidade dos concellos de Ferrol a que defina o seu destino.

Estas taxas públicas serán fixadas pola Mancomunidade dos concellos de Ferrol e estarán expostos ao público no propio centro de recollida.

A empresa xestora informará por escrito, a cada un dos interesados, respecto dos importes correspondentes a cada un dos servizos prestados.

O pagamento das taxas públicas deberá ser repercutido previamente á realización do servizo (traslado, xestión do cadáver ou recollida por solicitude do propietario) ou á retirada do animal do centro de recollida.

A empresa xestora deberá emitir un xustificante, ao interesado, do pagamento das taxas públicas repercutidas.

As taxas públicas aprobadas para a súa aplicación, en base ao presente regulamento, establecidos no Anexo I correspondentes aos servizos prestados polo Refuxio de Mougá foron publicadas no Nº 124, do Boletín Oficial da provincia Da Coruña do martes, 2 de xullo de 2013.

Correspóndelle á empresa encargada da prestación do servizo, mediante oficio, remitir á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol a relación dos servizos que foron prestados e os datos (NIF, nome completo e domicilio) da persoa que os solicitou ou do responsable do animal, coa periodicidade que esta estableza. As cantidades correspondentes ás taxas públicas cobradas serán integramente transferidas á conta da Mancomunidade de concellos de Ferrol, coa periodicidade que esta ou o contrato/acordo de prestación do servizo indique.

Ferrol, ----de----- de 2014



**MANCOMUNIDADE**  
Concellos da Comarca  
de Ferrol



**REFUXIO DE**  
**ANIMAIS**  
centro de recollida de animais

***ANEXO I – TAXAS PÚBLICAS APROBADAS PARA A SÚA APLICACIÓN NO FUNCIONAMENTO DO REFUXIO DE MOUGÁ.***



<b>Animais pequenos (cans, gatos e similares)</b>	
<b>Concepto</b>	<b>Taxa (IVE incluído)</b>
1. Recollida de animal doméstico na vía pública ou propiedade privada	62,00 €
2. Estancia, manutención e custodia animal por día ou fracción	7,00 €
3. Asistencia sanitaria primaria ordinaria	41,00 €
4. Asistencia sanitaria primaria en horario nocturno ou festivo	69,00 €
5. Identificación oficial de can con propietario e inclusión no rexistro autonómico	55,00 €
6. Identificación oficial de can adoptado e inclusión no rexistro autonómico	21,00 €
7. Aplicación do programa de profilaxe (desparasitación e vacinación establecidas)	41,00 €
8. Entrega dun animal, de máis de 3 meses, segundo o establecido no regulamento de funcionamento	82,00 €
9. Entrega dun animal, de menos de 3 meses, segundo o establecido no regulamento de funcionamento	41,00 €
10. Eutanasia por benestar animal dun animal con propietario por criterios do veterinario ou a solicitude do propietario	82,00 €
11. Xestión de cadáver ata 25 kg	41,00 €
12. Xestión dun cadáver dende 25 kg ata 40 kg	51,00 €
13. Xestión dun cadáver de máis de 40 kg	70,00 €
14. Transporte de animais, vivos ou mortos	48,00 €

<b>Animais grandes (cabalos, burros e similares polo seu porte)</b>	
<b>Concepto</b>	<b>Taxa (IVE incluído)</b>
15. Recollida de equino e/ou asimilable en tamaño na vía pública ou propiedade privada	160,00 €
16. Identificación oficial e inscrición no Rexistro de Equinos de Galicia	65,00 €
17. Estancia, manutención e custodia animal por día ou fracción	15,00 €
18. Asistencia sanitaria primaria ordinaria	50,00 €
19. Asistencia sanitaria primaria en horario nocturno ou festivo	70,00 €
20. Aplicación do programa de profilaxe (desparasitación e vacinación establecidas)	80,00 €
21. Eutanasia por benestar animal dun animal con propietario por criterios do veterinario ou a solicitude do propietario	200,00 €
22. Xestión de cadáver	100,00 €
23. Transporte de animais, vivos ou mortos	160,00 €

\*Todas as taxas públicas aprobadas neste regulamento son referidas a animais, vivos e mortos, das diferentes especies das que é obxecto este regulamento.

\*\* Os tratamentos e intervencións serán practicadas unicamente sobre animais recollidos polo refuxio, nunca a animais con propietario fóra do obxecto da prestación do servizo.